



“ROSALÍA SEMPRE VIVA”

Casa-Museo Manuel María, 19 de marzo de 2022

A Casa-Museo Manuel María convoca o Concurso de recitado de poesía destinado ao alumnado de ensino non universitario sobre poemas de Rosalía e Manuel María.

BASES

1.- OBXECTIVO

Este concurso ten como finalidade a potenciación da expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e recitado da obra de Rosalía e de Manuel María.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

O concurso ten **carácter individual** e vai destinado a todo o alumnado galego de Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.

3.- CATEGORÍAS

Estabelécense as seguintes categorías:

Primeira categoría: 1º, 2º e 3º curso de primaria.
Segunda categoría: 4º, 5º e 6º de primaria.
Terceira categoría: Educación secundaria.
Cuarta categoría: Bacharelato e Ciclos Formativos.

4.- FASES

Contémplanse dúas fases:

Fase de centros:

- Será organizada por cada centro aténdose unicamente ás bases e condicións que cada un deles establecer.
- Cada centro seleccionará un máximo de 2 alumnos/as por categoría para a súa participación na segunda fase.

Fase final:

- Nesta fase participarán aqueles/as alumnos/as que foren seleccionados/as na primeira fase.
- Consistirá no recitado dunha única poesía escollida libremente de entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María.
- Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, ton, timbre, ritmo, pausas, dicción, inflexión da voz e expresividade. Tamén se valorará a súa memorización e o seu nivel de dificultade.

5.- PRAZOS

- Os centros participantes deberán facer a súa preinscrición antes do 3 de febreiro de 2022. Pódeno facer por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. A Casa-Museo confirmará ao centro a recepción da solicitude.
- En función do número de preinscritos, a organización comunicará aos centros o número de alumnos/as que poden participar na fase final en cada unha das categorías.
- Os centros deberán comunicar á Casa-Museo antes do 3 de marzo o nome dos/as alumnos/as que participan en cada categoría e o poema que recitarán.

6.-FASE FINAL

A fase final celebrarase na Casa-Museo Manuel María (Outeiro de Rei – Lugo) o sábado 19 de marzo.

7.-O XURADO

- O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades. Actuará como secretaria unha persoa representante da Casa-Museo Manuel María.
- O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso e terá un carácter inapelábel.

8.-PREMIOS

- Os premios na primeira fase, caso de os haber, serán determinados e patrocinados por cada centro.
- Na segunda fase concederanse catro premios, un por cada categoría, consistentes en dous microscopios dixitais, un para a persoa gañadora e outro para a aula á que pertence. Alén disto, recibirán un diploma individual que acredite o premio.
- O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que consideran oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.
- Todos e todas as concursantes da fase final recibirán un diploma acreditativo de teren participado no Concurso.

9.-OUTROS REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA FASE FINAL

- Cada persoa participante deberá enviar a autorización de pais/nais ou titores/as legais para a filmación da proba e posterior divulgación.
- O acompañamento do alumnado participante e a súa custodia na fase final correrá por conta das súas familias ou titores/as legais.

A participación no concurso leva consigo a aceptación destas bases.